



LEI ANTITABACO

O pasado 1 de xaneiro de 2006 entrou en vigor a Lei 28/2005 de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venta, subministro, consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, lei comunmente coñecida como lei anti-tabaco.

No que respecta ás empresas, a devandita lei establece unha prohibición total de fumar, sen posibilidade de habilitar zonas para fumadores. Isto supón, entre outras cuestións, a obriga de colocar na entrada, en lugar visible, carteis que anuncien a prohibición do consumo de tabaco.

A lei prevé a imposición de sancións de diferente alcance (dende 30 ata 600.000 €), en función do tipo de infracción cometida (leve, grave ou moi grave). Considérase falta leve, entre outras, o acto de fumar en lugares nos que exista prohibición total, así como o feito de non informar na entrada dos establecementos sobre a prohibición ou non de fumar. Entre as faltas graves, figura o permitir fumar en lugares nos que exista prohibición total. Por último, considérase falta moi grave a publicidade, patrocinio e promoción dos produtos do tabaco.

PABLO MATO GÓMEZ. S3B



Eu creo que esta lei é xusta, porque o tabaco o único que fai é matar as persoas, enriquecer aos máis gordos e destruír moitas familias, xa que provocan moitos cancro.

Estatísticas: tendo en conta a lei antitabaco, no 95% dos bares elixiron que se puidese fumar, xa porque a súa clientela é fumadora ou por medo a perdela.

A min paréceme que todos os bares terían que optar por ser para non fumadores, xa que así a xente tería que ir igual e deixaría o consumo do tabaco.

Paréceme ben que nos restaurantes non se poida fu-

mar, e que nos bares grandes se dea o dereito a elixir, xa que todos temos dereito a atoparnos ben no noso ambiente. Pero tamén creo que os fumadores deben ter un espazo libre.



Esta lei, de momento, parece que tivo efectos positivos, xa que está baixando o consumo.

O que deberían facer tamén sería poñer medios

para que a xente deixase o tabaco. Unha medida sería que nos lugares de traballo terían que poñer unha sala para fumadores para darlles algunha oportunidade, porque se non haberá moitos conflitos entre xefes e empregados.

Esta lei conducirá tamén a que medre empresas como as que venden parches ou produtos de confeitaría e caramelos de pau.

En conclusión, eu penso que esta lei está ben, pero que deberían dar máis axudas para conseguir deixar o tabaco e subir os prezos do tabaco para que a xente consuma menos.

GUTIER PENAS TABOADA. B1C

LEI ANTITABACO

A nova lei non é aceptada por igual na xente xa que a maioría dos fumadores non deixarán de fumar a pesar das novas leis, no traballo non poderán fumar aínda que sempre haberá un oco para ir fumar un cigarro, ir á cafetería.... por outro lado están os rapaces que fuman, non poderán entrar nos lugares de fumadores, nin poderá ser vendido o tabaco a menores, aínda que isto non se regula, xa que seguirán comprando, e aos vendedores convénlles porque hai unha gran porcentaxe de adolescentes que fuman.

Moita xente non está de acordo cos espazos de fumadores, porque se un home vai a unha cafetería para fumadores co seu fillo pequeno, o neno non poderá entrar, tamén podemos dicir que en Melide a maioría das cafeterías, bares, a zona dos viños, pubs... son para fumadores, pero non se respectan as zonas de non fumadores, no JA, entre outros moitos que teñen zona de non fumadores, non se respectan, xa que se fuma igual e permiten a entrada de menores, a sala de xogos esta posta para non fumadores porque é

o lugar onde van os rapaces do pobo.

A lei tamén prohibiu a propaganda de marcas nas máquinas de tabaco para que non exista a competencia entre marcas, ademais apareceu competencia entre as marcas de tabaco españolas e as estranxeiras, provocando unha subida de prezos no tabaco español como Ducados... e a baixada dos estranxeiros, aínda que o acordo non está definido na súa totalidade



Persoalmente, creo que isto converteuse en



algo abusivo dende o punto de vista comercial, xa que sacaranlle partido a outras cousas como os chicles para deixar de fumar, terapias, psicólogos..., pero o que realmente fai falta é a propia vontade o fumador.

Finalmente penso que estas novas normas préstanse a que cada persoa as respecte dunha forma diferente e nunca se acabará respectando, porque tampouco hai un seguimento, un control para que isto funcione correctamente.

NOELIA RAMOS
RODRÍGUEZ 1ª DE BAC -C-